



XIV JORNADAS DE ECONOMÍA CRÍTICA

Perspectivas económicas alternativas

Valladolid, 4 y 5 de septiembre de 2014

Repartindo a nosa riqueza. Estudo de viabilidade da renda básica das iguais en Galiza.

José Iglesias Fernández, Enrique
García Escamilla y Diego Lores
Correa

Baladre, Seminario Taifa, Universidad de Castilla-La
Mancha y Oficina Direitos Sociais Coia

REPARTINDO A NOSA RIQUEZA. ESTUDO DE VIABILIDADE DA RENDA BÁSICA DAS IGUAIS EN GALIZA

José Iglesias Fernández. Baladre y Seminario Taifa

Enrique García Escamilla. Universidad de Castilla-La Mancha

Diego Lores Correa. Oficina Direitos Sociais Coia

Resumen

A Renda Básica das Iguais en Galiza (RBdisG) é un instrumento que ten dous obxectivos: un primeiro, de curto prazo, consiste en redistribuír as rendas dos que máis teñen nesta sociedade para os que máis a necesitan; un segundo, de longo prazo, é o de manter o intento de transformar o capitalismo nunha sociedade sen clases nin xerarquías. Porén, neste texto ha de quedar ben claro que os custos que se necesitan para financiar a RBdisG dependen moito da contía que se fixe como tal, pero moito máis da vontade dos políticos para aplicar un sistema fiscal progresivo e unha redistribución do gasto público. Ao final do exercicio demostraremos a toda a xente que a RBdisG é económica e financeiramente viable e posible. Agora pasaremos a contar o proceso para ver canto é de fácil e como se fai. Pode servir tamén para que outras comunidades se animen a facer un estudo similar.

INTRODUCCIÓN

Estamos de acordo que para que “alguén queira construír un sistema de servizos sociais inclusivo e eficaz ao servizo das persoas non debe haber outro punto de partida que a realidade pura e dura, a “realidade real”, non a virtual, nin a mediática, nin aquela edulcorada dos discursos e programas, senón a que peta na porta dun sistema de acción social que se predica universal, pero que é consciente de que para asegurar a igualdade de oportunidades de todos e todas, ten que reconstruír a equidade partindo dos últimos”.

Isto facemos, como tamén xa dixemos noutros estudos que a Renda Básica das Iguais (RBis) non era un problema de falta de finanzas nin económico, senón que era político. Político no sentido dunha forte manca de vontade por parte dos gobernos de concedela e dunha incapacidade dos colectivos que a defendemos de espertar na xente unha conciencia de loita por este dereito. Polo que, a razón principal de facer e incluír esta parte do traballo, máis numérica ca ética, é precisamente a de demostrar aos políticos e á sociedade en xeral, primeiro, que hai que mover a xente para que se implique no segundo, que é loitar contra as vontades dos poderes económicos e políticos até implantala. Neste sentido, e deixando á marxe a propaganda política que sempre hai nestes informes, podíamos lembrarlle ao Goberno galego que, coa implantación da RBis en Galiza estaría realizando de forma moi directa “esas políticas de inclusión e atención social, con incidencia nas áreas de benestar social e dedicadas aos colectivos socialmente máis vulnerables [Desta maneira, o Goberno galego] ten a oportunidade histórica de dar un salto cualitativo a favor de combinar o crecemento económico coa cohesión social”.

Así mesmo repetimos que a Renda Básica das Iguais en Galiza (RBdisG) é un instrumento que ten dous obxectivos: un primeiro, de curto prazo, consiste en redistribuír as rendas dos que máis teñen nesta sociedade para os que máis a necesitan; un segundo, de longo prazo, é o de manter o intento de transformar o capitalismo nunha sociedade sen clases nin xerarquías. Porén, neste capítulo ha de quedar ben claro que os cartos que se necesitan para financiar a RBdisG dependen moito da contía que se fixe como tal, pero moito máis da vontade dos

políticos para aplicar un sistema fiscal progresivo e unha redistribución do gasto público. Ao final do exercicio demostraremos a toda a xente que a RDisG é económica e financeiramente viable e posible. Agora pasaremos a contar o proceso para ver canto é de fácil e como se fai. Pode servir tamén para que outras comunidades se animen a facer un estudo similar.

DOUS MODELOS DE IMPLANTACIÓN DA RDISG

Hai moitas maneiras de establecer o proceso. Pero, politicamente, nós apostamos por dous modelos ou escenarios. O primeiro deles é comezar por un escenario máis abordable desde o punto de vista do diñeiro que se necesita, e que lle chamaremos principio de emerxencia social. Este modelo deixaranos ver que problemática urxe da súa implantación nunha poboación máis reducida, composta por cinco dos colectivos con máis necesidades de axuda entre a poboación: xente que está sen emprego ou non o atopa; xente que está nos cárceres; xente que presenta diversidade funcional; xente que está sufrindo violencia de xénero e persoas “sen teito”. De feito, a selección que facemos neste traballo correspóndese coa maioría dos colectivos destinatarios que son prioritarios no II Plan Galego de Inclusión Social: “persoas con graves déficits de empregabilidade, con discapacidade, sen fogar, e reclusos/as ou ex reclusos/as”.

Comprobada a experiencia que resulta da aplicación do principio de emerxencia social, corrixidas as oportunas desviacións que se dan nestes casos, o proceso de implantación da RBis en Galiza proceso podería continuar co segundo modelo, o do principio esperanza, no cal o resto da poboación se incorpora dunha forma axeitada e sen problemas para o modelo económico de desenvolvemento. O peso do custo recae sobre os dous colectivos máis numerosos: as persoas desempregadas (39,4%) e as que presentan diversidade funcional (57,7%), do total destes colectivos.

Non obstante, se comparamos a suma da xente destes cinco colectivos coa poboación total galega só suman conxuntamente o 18,2%, unha cifra que coincide curiosamente coa do case 20% de pobreza individual que padece a xente pobre no territorio español. Un estudo sobre as desigualdades en Galiza establece un

21% de pobreza relativa²² que nós supoñemos afecta as persoas e non as familias, aínda que non indica claramente este dato. Si que engade as porcentaxes de pobreza severa (3,9), pobreza grave (13,0), pobreza moderada (32,9) e limiar de pobreza (50,2) da distribución de intensidades sobre o total da poboación en pobreza. É case seguro que darlle unha RBis as persoas destes grupos supón a erradicación da pobreza económica na comunidade galega. O limiar de pobreza empregado no noso estudo é o que xa explicamos máis arriba: o definido pola UE como a metade da renda per cápita. Comparativamente, a contía da RBis como igual a este limiar de pobreza é o 59,3% do salario medio bruto en Galiza.

PERSOAS DESEMPREGADAS

“En termos interanuais a suba do paro é do 24,05% en Galiza, o que supón que no último ano se inscribiron no inem 40.500 persoas. O total de parados rexistrados en Galiza en outubro subiu até os 208.923, dos cales 93.127 son homes e 115.796 mulleres”. Estas cifras dan unha pauta da urxencia de abordar o problema case crónico do tema do desemprego aplicando unha RBis a este colectivo. Partindo O principio de emerxencia social: cinco colectivos dunha media anual de 200.000 desempregados nos anos de crise económica e tomando unha contía igual á da RBis do 2008, 10.565 euros anuais, o custo total deste dereito sería duns 2.113 millóns de euros.

PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

As dificultades deste colectivo son máis fáciles de explicar. Primeiro, “la aprobación de la Convención deja claro que la discapacidad es una cuestión de derechos humanos. Que las personas con diversidad funcional no son “objeto” de políticas caritativas o asistenciales, sino que son “sujetos” de derechos humanos. Por tanto, las desventajas sociales que sufren no deben eliminarse como consecuencia de la “buena voluntad” de otras personas o de los Gobiernos, sino que deben eliminarse porque dichas desventajas son violatorias del goce y ejercicio de sus derechos humanos”.

Agora ben, segundo, a Convención non deixa claro como vai garantir este dereito, a non ser que sexa mediante o emprego, unha vía que non asegura o benestar material e o desenvolvemento das persoas con diversidade funcional. Por iso propoñemos a RBdisG, porque ten a virtude de non precisar pasar polo mercado de traballo para ter o dereito cidadán a ela. E a seguridade económica deste grupo queda garantida desde que se nace até a morte. Un alivio para estas persoas e para os seus familiares. En Galiza había unhas 292.900 persoas con diversidade funcional no 2008. Case un 10,5% da poboación total.

PERSOAS ENCARCERADAS

Os cárceres españois están a rebentar e a masa de presos está xa impedindo que funcione a Xustiza. En 1978 había en España 10.000 presos, pero hoxe superan os 70.000, un novo récord europeo, o da poboación encarcerada ao que se une a outros non menos alarmantes, coma o desemprego, a prostitución, etc. A isto cómpre engadir que moitos delincuentes de luva branca ou amparados polo poder, nin sequera son investigados e rara vez enfrontan a Xustiza.

Este é un colectivo que ha de ter todas as prioridades e precaucións polo que supón a súa incidencia delitativa na sociedade. O seu número é pequeno, unhas 5.084 persoas, pero non a súa problemática. O seu custo non pasa dos 53,7 millóns de euros, cantidade que de seguro é bastante máis pequena que o que custan estar encarceradas.

PERSOAS QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Aínda que os mecanismos de dominación patriarcal e heterosexista atrávesanos a todas e todos, dando lugar a diferentes formas de violencia, entendemos necesario abordar de forma específica a situación das mulleres que viven situacións de violencia machista por parte das súas parellas ou ex-parellas. As cifras oficiais recollían, entre delitos e faltas, unhas 4.080 persoas agredidas no ano 2006. A cifra destes abusos triplicouse desde o 1997. Aquí, o papel da RBis é indispensable. Moitas mulleres dependen economicamente das súas parellas, o que fai máis difícil romper con situacións de violencia. Sen diñeiro nin

posibilidades de atopar emprego, e contando moitas veces cunha rede de apoio social feble, a posibilidade de independizarse e ter unha autonomía faise moi complicada nestes casos. Outro colectivo que con menos de 53 millóns de euros anuais podería liberarse desta lacra social.

PERSOAS “SEN TEITO”

“Estimando moi polo alto, seguramente este colectivo non pasa das 2.000 persoas. Atopamos unha cifra similar estimada no Sen teito: proxecto de axuda as persoas sen fogar. Atender a este colectivo coa RBis non pasa dunha moi pequena contía: 21 millóns de euros por ano. O 72% desta xente está acostumada a vivir con menos de 200 euros ao mes ou 2.400 euros anuais; o 3% ao redor de 500 euros ao mes o uns 6.000 euros ao ano. A Consellería de Asuntos Sociais xa destina uns 600.000 euros anuais as persoas sen fogar. Como di alguén “pode ser que apenas aquela/aquel que pasa pola experiencia da privación da casa sexa capaz de ofrecer hospitalidade”¹.

DE ONDE SAIRÁN OS CARTOS?

Os recursos financeiros han de ser outorgados basicamente polas diversas Administracións, entidades oficiais que xa están atendendo a xente destes colectivos. Tamén temos que incluír as Caixas e as Fundacións privadas, as primeiras porque están obrigadas, e porque o fan, a dedicar unha parte dos beneficios anuais a obras sociais e benéficas; as segundas, porque fan outro tanto, pero a decisión deste gasto moitas veces non vai aos máis necesitados, senón a acontecementos máis relacionados coa cultura a fin de deleitar as clases máis adineradas.

OBSERVACIÓNS XERAIS

Neste escenario introducimos xa a posibilidade de aplicar a RBis a toda a poboación galega ao longo dun período de 15 anos. Isto posibilita adaptar o modelo económico as necesidades produtivas e financeiras que tal política de

¹ En <http://www.cruzvermella.org/senteito/algunsdatos.htm>

rendas esixe. Seguramente, aumentará o consumo das persoas máis desamparadas e diminuirá a capacidade de acumulación dos grupos de rendas máis altos, que é un dos obxectivos fundamentais da RBdisG. Tamén propoñemos que o horizonte económico de incorporación da RBis comece no ano 2013 e acabe no ano 2028; politicamente, é máis dixerible. Segundo as estimacións do INE, a poboación total galega será aproximadamente duns 2,7 millóns de persoas. Isto fai que unhas 185.739, ou un 6,6% das mesmas, se incorporen anualmente a percibila. Como se aplica o criterio de que o custo sexa igual á metade do PIB per cápita, ou limiar de pobreza, este grupo de persoas custará anualmente 1,9 millóns de euros ou un 3,3% do PIB. Esta é unha información moi útil para os gobernos: saber quen é e canta xente se incorpora, así como canto custa anualmente.

O PROCESO DE IMPLANTACIÓN

Coñecida a poboación total galega, habémola dividir por colectivos segundo as súas carencias de ingresos: desde as persoas que non teñen traballo nin ingresos propios até as que teñen algún emprego ou perciben algún tipo de renda. Desta maneira, haberemos de comezar pola xente dedicada aos labores do fogar, que se supón que son as persoas que atenden e fan o traballo de coidados aos familiares; e habemos de rematar coa xente considerada receptora das remuneracións máis elevadas, os técnicos, os docentes e os directores de empresas e bancos.

Tamén distribuímos a poboación en sete fases de tempo, de maneira que a Administración poida ir adaptando progresivamente o proceso de implantación de acordo coas posibilidades de reformar o sistema fiscal e a estrutura do gasto público sen grandes alteracións que non poidan ser controladas con medidas adecuadas.

O PROCESO DE CÁLCULO: CUSTO E RECURSOS FINANCEIROS

Coñecida a situación económica e profesional da poboación galega e calculado o limiar de pobreza, 10.565 euros ao ano. Para financiar estes cartos, como os de

calquera dos grupos que van entrando no proceso sucesivamente, a Administración correspondente tería que utilizar os recursos fiscais e a reasignación do gasto público de acordo coas fontes e medidas que propoñemos². Outra observación moi importante con respecto ás fontes financeiras é a de recordar como o Estado capitalista ten como instrumento para planificar e xestionar a economía os orzamentos xerais. Isto permítelle modificar a política fiscal e as políticas que pode empregar mediante o gasto público. Desta maneira, os gobernos poden influír a vontade na distribución da riqueza (produtiva e improdutiva) e da renda.

POLO LADO FISCAL

Aquí o principio que utilizamos é aquel de quen máis ten para o que máis necesita. Hai que subir os impostos dos ingresos dos máis ricos (IRPF) e dos beneficios das empresas (sociedades). Recuperar o imposto de patrimonio e a herdanza. Mellorar e intensificar a inspección fiscal para reducir a evasión fiscal dos que máis teñen. Hai marxe para crear outros impostos, por exemplo, as sociedades de investimento (sicav), que só pagan o 1% cando deberían estar contribuíndo co 20-25%. Impoñer un imposto tipo Tobin aos fluxos de capital financeiro, agora que até certos gobernos europeos falan desta necesidade de controlar o diñeiro ficticio. Incluso o IVE pode ter un efecto directo positivo sobre as rendas da xente máis pobre –só hai que baixalo a cero para as mercadorías de primeira necesidade (pan, leite, libros, etc.)–; e un efecto negativo para xente con cartos, subindo a taxas elevadas para os artigos de luxo (iates, xoias, etc.).

Unha boa parte da economía somerxida, libre de cargas á Seguridade Social, seguramente aflorará, aparte do labor intensificado da inspección fiscal, coa que a recadación fiscal melloraría. Tamén hai que contar coas contribucións que poden facer as deputacións, as caixas de aforro e as fundacións privadas. Estas institucións poden contribuír substancialmente xa que, as dúas primeiras por estatuto, e as segundas por desgravación fiscal, dedican unha boa parte dos beneficios ou do gasto a facer obra social.

² Cf. Xentes de Baladre (2013), Repartindo a nosa riqueza, Málaga: Zambra/Baladre.

POLO LADO DO GASTO PÚBLICO

Aquí o principio empregado é aquel que di: hai que gastar máis en manteiga e menos en canóns. Desta maneira, daríamos eliminado as subvencións, as axudas e as desgravacións ás empresas, ás familias, ás igrexas e ás oenegués (ONG). Tamén daríamos reducido o orzamento das forzas armadas e de seguridade, así como boa parte do gasto en programas de benestar. Xa que agora a persoa recibe estas axudas directamente desde que nace, mediante a RBdisG, non ten que pensar na continxencia do desemprego, da vellez, da invalidez ou doutras contrariedades sociais e persoais.

OUTRAS FONTES A ENGADIR PODERÍAN SER OS SALARIOS DOS ALTOS CARGOS DO GOBERNO, DEPUTADOS, XUÍCES, ALCALDES, ETC.

Dentro do gasto público poderíamos pensar en rebaixar as remuneracións de deputados e senadores, políticos, alcaldes, xuíces, eurodeputados, etc. En termos dunha sociedade de apoio mutuo, non está xustificado que o presidente do Goberno español gañe 13 veces máis ca un traballador con SMI; ou que o presidente do Supremo (ou do Constitucional, ou do CGPJ) gañe 20 veces máis ca outra persoa con SMI; ou que un ministro gañe 10 SMI; ou que un alcalde gañe ao redor de 13 veces o SMI (o de Barcelona 17 e o de Vigo 10).

Pensando en termos de xustiza distributiva, ben se poderían reducir á metade estas diferenzas salariais e con elas contribuír ao Fondo de Renda Básica para financiar o incremento dos bens de utilización colectiva.

SEN ESQUECER TAMPOUCO EMPREGAR A TAXA DE CRECEMENTO

Cando as taxas de crecemento do PIB son positivas e significativas, unha parte delas podería ser dedicada a financiar a RBis. Agora, e por causa da crise, tamén como instrumento para dominar á clase traballadora e facela submisa aos recortes no gasto social e á privatización de boa parte do capital público. Neste intre o sistema ten como obxectivo non crecer. Pero chegará o tempo no que a economía volverá a despegar, co que boa parte dese crecemento podería dedicarse a

financiar a RBis. Cada ano, a Igrexa católica percibe uns 6.400 millóns de euros do Estado. Despois está a axuda económica a os outros credos que, aínda que sexa bastante mais pequena, son cartos que engordarían os recursos para financiar a RBis en Galicia. A transferencia que tería que facer o Estado español ao Goberno galego sería duns 375.651.775 euros cada ano, un 0,64% do PIB galego. Elaborado con información de Público, 11 xaneiro 2010.

A ENQUISA

A enquisa cuantitativa é aquela que se pode expresar de forma numérica e ten en conta o grao de representatividade da poboación que é obxecto de estudo. No caso de Galiza, realizamos 200 cuestionarios a unha mostra de poboación residente en cada unha das catro provincias galegas, co obxectivo de coñecer os seus datos persoais, situación laboral, situación de convivencia e a opinión sobre a RBis, así como observacións xerais.

En canto aos datos persoais recolleemos as seguintes porcentaxes: Sobre a idade, as marxes entre as que situamos as persoas enquisadas son: 19-29 (13,58%), 30-49 (69,14%), 50-65 (14,81%) e maiores de 65 anos (2,47%).

Con respecto ao sexo da poboación estudada, o 54,32 % considerábanse mulleres e un 45,68% homes.

O nivel de formación das persoas enquisadas é o seguinte: un 6,17% posúen estudos primarios e igual porcentaxe para quen posúe estudos secundarios; un 40,74% son posuidores dun título de bacharelato ou de Formación Profesional e coa cifra máis alta, un 41,91% o grupo dos que cursaron estudos superiores.

Con respecto á situación laboral das persoas entrevistadas, revélase que un 56,79% teñen emprego no momento en que se realizou a enquisa, mentres que un 38,27 da poboación se encontra en situación de desemprego. Así mesmo, o 4,94% está xubilada. Das persoas que se encontran empregadas, o 34,57% ten un contrato indefinido. Os contratos temporais neste mostra de poboación ascende a un 16,05%. Das persoas desempregadas, só o 6,17% recibe algunha prestación por estar nesta situación de desamparo económico, mentres que o 27,16% non percibe ningún tipo de axuda. O 38,71% destas persoas en situación

de desemprego tiveron o seu último traballo remunerado hai menos dun ano. Por outra banda, o 22,58% estivo empregado hai 1-3 anos. O 48,39% das desempregadas apuntan que a causa principal de que non haxa emprego é que existe moi pouca oferta. Só o 9,68% da poboación sitúa a crise como a causa desta situación.

A maioría das enquisadas (55,56%) contan con máis de 11 anos de experiencia laboral. Fronte a esta porcentaxe, hai un 2,47% de persoas que nunca tiveron ningún tipo de experiencia. Ademais, é visible que o 85,19% desta poboación di realizar algún tipo de traballo non remunerado, entre os que destacan os coidados a outras persoas, limpeza, traballo social/voluntario,...

A maioría de persoas comenta que a situación laboral da súa contorna está mal, moi mal ou empeorando por momentos. Igualmente observan a situación económica máis próxima, no seu día a día. En relación ás axudas sociais o 72,84% di ter recibido algún tipo de prestación ao longo da súa vida. A maioría (37,07%) trátase de prestacións por desemprego. Séguelle un 27,46% a percepción de distintos tipos de bolsas.

Así mesmo, só un 4,12% da poboación enquisada recibe a RISGA (Renda de Integración Social de Galiza). Os organismos que máis axudan e prestan, neste caso, son o INEM e Educación. Entre tanto, o Ministerio de Vivenda só ofrece un 2,75% de axudas.

Os datos relativos á convivencia informan de que a media de membros que conviven baixo un mesmo teito é de 2,6. O 45,68% das familias teñen unha relación de aluguer sobre a vivenda que habitan, mentres que unha cifra menor (35,8%) representa a quen posúe vivenda en propiedade. Por outra parte, só un 17,28% das proles teñen sorte de vivir nunha vivenda cedida.

Con respecto aos ingresos familiares recolleemos os seguintes datos. Só unha pequena parte da poboación enquisada (14,81%) di contribuír á unidade familiar coa totalidade dos seus ingresos; mentres que un 46,91% sinala que só o fai de maneira parcial. Ademais, un 35,8% afirma non contribuír con ningún ingreso.

A media de persoas activas dentro da unidade de convivencia é de 1,53%. Da porcentaxe de persoas activas, o 60,49% contribúe coa totalidade dos seus

ingresos ao núcleo familiar. Non obstante, só un 2,47% achega de maneira parcial ou puntual, menos da metade dos seus ingresos.

O 90,12% contesta negativamente á pregunta de se recibe algún tipo de axuda ou prestación en virtude da súa situación familiar. Do 9,88% que si di recibir, os distintos tipos de axudas aos que se refiren son axudas de aluguer, desemprego, por fillas a cargo, RISGA e por invalidez transitoria.

En canto á opinión reflectida sobre a Renda Básica das Iguais (RBis) encontramos os seguintes datos: á pregunta de se coñecía a RBis, un pouco máis da metade das persoas (54,32%) contestaron que non. Así pois, a resposta máis marcada para a pregunta “Que farías se tiveses unha RBis?” foi: “Viviría dunha RBis e dedicaríame a algunha actividade non remunerada”, cunha porcentaxe de respostas do 37,04%. Seguidamente, o 29,63% marcou a resposta “Seguir traballando aínda que cobrase a RBis” e o 28,4% marcou “Seguir buscando traballo aínda que cobrase a RBis”. Cómpre destacar que o 3,7% das enquisadas comenta que “Deixaría o traballo e viviría da RBis” e tan só o 1,23% afirma que “Non buscaría traballo, viviría da RBis.”

Así mesmo, a poboación enquisada considera que os efectos que tería a RBis no mercado de traballo serían os que se detallan a seguir. A niveis moi igualados, as respostas máis marcadas foron: “Sería máis difícil encontrar xente que quixese empregarse” e “A xente traballaría só onde quixese traballar” cun 30,86% e 37,04%, respectivamente. Un 12,35% pensa que “Estimularía o desenvolvemento de actividades autónomas” e un 8,64% cre que “Melloraría a situación para as traballadoras”.

Ademais, sobre as repercusións que as enquisadas cren que tería a RBis sobre a economía en xeral, despunta cun 28,4% a opinión de “Non existirían tantas diferenzas (pobres e ricos)”. Non obstante, existe un 20,99% da poboación que cre que “Seguirían existindo as diferenzas e incluso aumentarían”.

A estas opinións séguenlles dúas cunha porcentaxe idéntica: “Aumentarían as actividades autónomas en virtude dos propios intereses das persoas” e “En xeral melloraría a economía”, cun 18,52% en ambos casos. En menor medida, sitúanse un par de opinións cun 3,7% de respostas, nas que se opina que “Os prezos de

todo, en xeral, subirían ao aumentar as rendas” e “O sistema produtivo (as empresas) entrarían en crise ao non encontrar man de obra que quixese traballar”. Outro 1,23% estima que “En xeral, empeoraría a economía”. Tamén encontramos outras opinións persoais que representan o 2,47% e que sinalan, por exemplo, que “Estimularía o crecemento económico ao poder aumentar o consumo” ou que “Sería máis difícil que o estado conseguise o diñeiro necesario ao haber menos xente que quixese traballar e, por tanto, cotizar”. Hai que indicar tamén que un 2,47% das persoas entrevistadas abstivéronse de contesta a esta pregunta.

Finalmente, a opinión das enquisadas en torno aos efectos da RBis na sociedade en xeral é bastante clara. Encabezan a maioría de opinións estas tres respostas: “Aumentarían as actividades non remuneradas para a comunidade”, cun 37,04%; seguida de “Evitaría a corrupción”, cun 18,52% e, por último, a opinión de “Igualaría a todas as persoas”, cun 16,05%. Alén diso, o 12,35% considera que “En xeral, melloraría a sociedade” fronte a un 2,47% que cre que empeoraría. Cunha mirada un pouco máis negativa existe unha porcentaxe dun 7,41% que pensa que “Non cambiarían moito as cousas”. Un 3,7% opina que “Reduciríase o gasto social”. Existe tamén un 2,47% que opinou con resposta aberta, como por exemplo esta: “Neste momento de falta de ideas é unha oportunidade para ofrecer alternativas”.

As observacións sinaladas de maneira aberta nos cuestionarios, en xeral, son moi positivas en relación á viabilidade da proposta. Aínda que hai varias persoas que opinan que sería complicado, sobre todo pola pouca conciencia social, tan só hai unhas tres ou catro opinións que non a ven posible de ningunha maneira. Ben porque pensan que é inviable economicamente (seguramente non coñecen todo o proceso de implantación e viabilidade), ben porque están convencidas de que o sistema capitalista non o permitiría. As persoas que cren na súa viabilidade e a defenden coma unha proposta necesaria opinan, polo xeral, que ao menos habería que tentar poñela en práctica, que faría posible unha mellora notable na calidade de vida, dereitos e valores sociais.

CONCLUSIÓN

*“Son subxectivo porque son un suxeito,
sería obxectivo se fose un obxecto”*

Unamuno

A modo de conclusión, tentaremos “humanizar” un pouco algúns destes datos numéricos que non parecen destacables para aquelas que, coma min, se lles sobrepoñan os números ao lelos... ben porque necesitamos ir ao oculista, ben porque os números non “lidos” son só iso, números.

Cómpre ter en conta unhas mínimas características do territorio que nos ocupa para poder contextualizar os datos extraídos. En Galiza encontramos un territorio de base rural, que foi urbanizándose progresivamente na zona costeira. Con dous grandes núcleos de poboación como son A Coruña e Vigo, e outras dúas provincias con menor poboación e de carácter máis rural, como son Ourense e Lugo, Galiza conta cunhas particularidades moi diferenciadas no conxunto do territorio, provocadas en parte por esa convivencia do mundo rural e o urbano no mesmo territorio. Historicamente a desprotección social para as persoas máis excluídas do mercado e cunha situación máis periférica no núcleo urbano, ten sido constante; pero é a partir da reconversión dos sectores industrial, naval, pesqueiro e agrícola coa entrada na U.E. cando a poboación se ve forzada a unha situación de máximo desamparo e vulnerabilidade en canto aos seus dereitos sociais. É, por iso, que se provoca un aumento das migracións ao estranxeiro e cara á cidade, sumando a isto un incremento de persoas en situacións de exclusión social que comeza a ter presenza nas cidades, onde o emprego non é para todas. As prestacións sociais ante esta situación de precariedade, son moi escasas. Os datos recollidos reflicten parte desta pequena introdución anterior.

Descubrimos pois que existe unha alta porcentaxe de desemprego social, case o 40% repartido por toda a comunidade entre as xentes enquisadas, das que preto do 30% non reciben ningún tipo de axuda/prestación social para poder soportar a situación de precariedade das súas vidas. As prestacións sociais que menos se prestan, valla a redundancia, son aquelas como a RISGA (Renda de Integración Social de Galiza), que supostamente manan de institucións que están para protexer estas situacións de desamparo ante a falta de Dereitos no noso chamado estado de benestar. Alén diso, é destacable observar como só case un 10% das

opinións sinalan a crise do momento actual como causa principal da falta de emprego e case un 50% sinala como causa principal a falta de oferta, sendo esta unha resposta totalmente aberta que se reiteraba unha e outra vez. Isto indícanos que a situación de desemprego ou da crise estrutural xa existía antes de que os mass media anunciaran a tan soada crise actual.

Por outra parte, encontramos que máis do 85% das persoas enquisadas din realizar algún tipo de traballo non remunerado. Comecemos antes por definir brevemente que é traballo e que é emprego. Nosoutras, as baladrinas, entendemos que Traballo = CAHRE (Calquera Actividade Humana que Requira un Esfuerzo): alimentarse, limpar, coidarse a unha mesma ou a outras, facer algo que che guste, como por exemplo deseñar ou militar en Baladre!; e Emprego = CAHRE + que che pague alguén por realizar esa mesma actividade. Así de simple e así de complicado.

Esta cuestión xera moitísimo debate e contradicións. Pero para nós, as persoas baladrinas, ten dous puntos, de reflexión e acción, moi importantes: o primeiro visibilizar o papel invisible dos coidados para a vida e o sostén do capitalismo, nunha sociedade onde o heteropatriarcado se encargou de naturalizar esta serie de accións e de argumentalas bioloxicamente, en corpos lidos coma femininos. O segundo, cuestionar profundamente o orgullo inquebrantable do traballo asalariado da clase obreira que expulsa do seu discurso e da súa loita a sectores cos que non nos identificamos como a fábrica, o patrón e as xornadas... máis ben con mamadeiras e con buscármonos a vida colectivamente. Volvendo aos datos cuantitativos, dicimos que máis do 85% das enquisadas realizan CAHRE pola que non reciben nin un só euro, de modo que moitas persoas se ven forzadas a realizar empregos que non lles gustan polo simple feito de ter que depender duns ingresos económicos para sobrevivir. Se cruzamos este dato e esta reflexión coas preguntas do cuestionario que se presentan, temos o seguinte: “Que farías se tiveses unha RBis?” Vemos como aproximadamente un 40% da poboación enquisada responde: “Viviría dunha RBis e dedicaríame a algunha actividade non remunerada”. Igualmente responden á pregunta de “Que efectos tería a RBis no

mercado de traballo?”, “A xente traballaría só onde quixese traballar”, con case un 40%.

Así mesmo sucede coa pregunta de “Que efectos tería a RBis sobre a economía en xeral?”, onde as respostas rozan o 20% para a opción: “Aumentarían as actividades autónomas en virtude dos propios intereses das persoas”.

Se cambiamos na pregunta anterior “economía” por “sociedade”, a resposta preferida está relacionada co mesmo: “Aumentarían as actividades non remuneradas para a comunidade” chegando case ao 39%. Translócese pois, sobre estas hipóteses desexadas, que cunha RBis deixarían de existir moitos empregos que non nos fan felices, que son cebos da acumulación depredadora capitalista e que teríamos maior autonomía persoal para poder ser un pouco máis libres á hora de escoller as nosas relacións coas persoas (ao non ter que depender económica e emocionalmente da institución familiar (pais, matrimonio, parellas...), así como para poder escoller a actividade humana-traballo que nos proporcione un sentido real da vida, do humano, tanto no individual e colectivo coma na nosa relación co medio.

Finalmente non nos cansamos de repetir que a RBis non é máis ca unha ferramenta coas súas características particulares, coma outra que se cree para propor respostas viables e reais. E, sobre todo, para propiciar o debate colectivo desde as persoas reais. Non só desde as intelectuais, desde as elites, desde o poder... que nos dirán sempre o que temos que facer; senón nós mesmas, cada unha, cos nosos grupos, as nosas xentes próximas, dando coa nosa propia clase á medida.

Quizais só na observación obvia das nosas vidas, e a través dunha toma de conciencia básica e colectiva dos nosos valores e formas de vida, estea o camiño verdadeiro cara á emancipación e rexeitamento deste sistema capitalista e heteropatriarcal que nos engole día a día e que xa fomos engulindo individualmente e por completo.